



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Jose Andrés García Cardeso, alcalde do concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza do secretario - interventor de dito concello, emito o seguinte decreto:

Asunto: Aplicación da inflación anual estimada do IPC 2022 ás ordenanzas reguladoras de aplicación no Servizo de Axuda no Fogar (libre concorrancia), Servizo de Lavandería e Servizo de Comedor sobre Rodas.

Expte. TEDEC: 2022/X998/000028 (Trib.).

Expte. TEDEC: 2022/G003/000080 (Decreto).

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ó que se refire este decreto, en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Visto que de acordo coa inflación anual estimada do IPC en xaneiro do 2022 que é de 6,5%, indicador adiantado elaborado polo INE, aplicado ás ordenanzas reguladoras de aplicación no Servizo de Axuda no Fogar (libre concorrancia), Servizo de Lavandería e o Servizo de Comedor sobre Rodas, as taxas de aplicación correspondentes para o ano 2022 son as especificadas a continuación:

AXUDA NO FOGAR (LIBRE CONCORRENCIA):

Prezo hora/ano 2022.....16,02 €

A contía da taxa regulada será a fixada nas tarifas contidas no artigo 18 da Ordenanza Reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello da Baña, que se reproducen a continuación:

Capacidade económica	Participación no custo do servizo de SAF básico
Menor de 0,80% do IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 do IPREM	20%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 do IPREM	25%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 do IPREM	40%
Maior de 2,50 do IPREM	90%

LAVANDERÍA:

Prezo prenda/ano 20228,22 €

A contía da taxa regulada será a fixada nas tarifas contidas no artigo 16 da Ordenanza Reguladora do Servizo de Lavandería a Domicilio do Concello da Baña, que se reproducen a continuación:



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Capacidade económica	Participación no custo do servizo do Servizo de Lavandería a domicilio
Menor de 0,80% do IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 do IPREM	40%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 do IPREM	50%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 do IPREM	70%
Maior de 2,50 do IPREM	90%

COMEDOR SOBRE RODAS:

Prezo menú/ano 2022.....9,89 €

Capacidade económica	Participación no custo do servizo de Comedor sobre Rodas
Menor de 0,80% do IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 do IPREM	30%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 do IPREM	40%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 do IPREM	60%
Maior de 2,50 do IPREM	90%

Visto o informe técnico de data 11/02/2022 presentado polo persoal técnico responsable do programa, Susana Pazo Meijide con DNI XXXXX505X, colexiado núm. 3575 e demais documentación presentada propónse a aprobación polo órgano competente das seguintes taxas:

- AXUDA NO FOGAR (LIBRE CONCORRENCIA).
Prezo hora/ano 2021:16,02 €
- LAVANDERÍA.
Prezo prenda/ano 2021: 8,22 €
- COMEDOR SOBRE RODAS.
Prezo menú/ano 2021: 9,89 €

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro.- Aprobar e aplicar a inflación anual estimada do IPC 2022 ás ordenanzas reguladoras de aplicación das correspondentes taxas para o ano 2022 aos seguintes servizos de Servizos Sociais:

- AXUDA NO FOGAR (LIBRE CONCORRENCIA).
Prezo hora/ano 2021:16,02 €
- LAVANDERÍA.
Prezo prenda/ano 2021: 8,22 €
- COMEDOR SOBRE RODAS.
Prezo menú/ano 2021: 9,89 €



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Segundo.- Expoñer ao público polo prazo dun mes, mediante a súa publicación no BOP e no taboleiro de edictos. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello (<https://sede.concellodabana.gal>), e de non producirse ningunha reclamación neste período quedará definitivamente aprobado.

Terceiro.- Dar conta da presente resolución expresa ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre aos efectos legalmente procedentes.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.

Mándao e asínao o señor Alcalde, don Jose Andrés García Cardeso, do que eu secretario - interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.